CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

ACHEGAS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA AO BORRADOR DA NOVA ORDENANZA DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA

I. Título Preliminar

Propoñemos incorporar un preámbulo ou artigo no que se definan os distintos tipos de vehículos, para darlle unha maior claridade ao conxunto da ordenanza. Nel deberíase especificar o que significa vehículo de mobilidade persoal fronte a patinete; bicicleta normal fronte a bicicleta eléctrica ou bicicleta de carga, etc.…

Artigo 11.- Normas xerais sobre sinais

Engádega: A colocación de elementos limitadores de velocidade na superficie (bandas reductoras, berlinesas e similares) deberá contemplar pasos libres para bicicleta e VMP co obxectivo de garantir a seguridade das persoas usuarias deses vehículos

Artigo 18. Zona Peonil

Engádega - Permítese a circulación por estes espazos de bicicletas e outros ciclos impulsados por nenos e nenas menores de 14 anos, así como por persoas con mobilidade reducida e as que as acompañen.
Engádega- Autorízase a circulación en bicicleta ou outro tipo de ciclos por rúas peonís, sempre que a densidade de peóns lle permita apersoa ciclousuaria respectar a prioridade do peón e a unha velocidade máxima de 10 km/h

Artigo 27.

a)Normas Xerais

Eliminación e engádega

punto 3.- 2º parágrafo
Substituir *"Nestas vías, unicamente utilizadas por persoas en bicicletas ou en patíns, a velocidade máxima non excederá de 15 km/h."* por *"Nestas vías, unicamente utilizadas por persoas en bicicletas ou en patíns, a velocidade adaptarase as condicións e intensidade de uso"*

Eliminacion no **punto 7**
Eliminar *Soltar o manillar, agás cando sexa necesaria para facer un sinal de manobra.*
A razón é que na circulación en bicicletas danse multitude de situacións distintas ao respecto da colocación das mans no manillar e resulta imposible recollelas nunha ordenanza polo que unha limitación xenérica carece de sentido.

Eliminación e Engádega no punto 7.
Circular zigzagueando entre vehículos *e peóns agás que estean parados.*

Engadir novo punto 8.- Nas rúas unidireccionais de tráfico calmado con máis de 3 m. de ancho de calzada, o Concello podera establecer a circulación contradirección das bicicletas e VMP indicándoo mediante a sinalización adecuada.

c) Estacionamento de bicicletas.

Eliminación e Engádega
1. As bicicletas terán que estacionarse preferentemente nos lugares habilitados, deixando en tódolos casos un espazo libre para os peóns de tres metros. As bicicletas aparcaránse nos espazos especificamente acondicionados para tal fin. No caso de que non existan ou estean ocupados, as bicicletas poderán amarrarse a elementos de mobiliario urbano como farolas ou sinais verticais, sempre que non causen danos ao elemento de mobiliario urbano, non alteren a súa función nin afecten ao tráfico peonil, accesibilidade ou circulación de vehículos.

En zonas de carga e descarga poderán aparcar bicicletas equipadas cun remolque para carga ou outros vehículos de reparto máis pequenos e con traccións distintas á convencional motorizada.

2.- Está especificamente prohibido estacionar as bicicletas:

a. *Queda expresamente prohibido amarrar bicicletas a bancos, semáforos e árbores ou arbustos.*
b. Ante zonas con reserva de carga e descarga na calzada en horario dedicado a dita actividade, cando non sexan bicicletas específicas de reparto

Artigo 71

Cadro xeral de infraccións
Eliminación e Engádega
3.- Terán a consideración de infraccións leves:

a) Montar en bicicleta sen usar a iluminación regulamentaria. Circular en bicicleta por rúas, pasos inferiores, túneis e carrís bici en condicións de baixa visibilidade sen os elementos de iluminación

regulamentarios

b) Non facer uso das prendas e elementos reflectantes polos usuarios de bicicletas.

Non son obrigatorios agás en desprazamentos interurbanos

ANEXO I

Zona peonil **Eliminación e Engádega**

Zona peonil son aqueles espazos da vía pública nos que se restrinxe totalmente limita o estacionamento e a circulación de vehículos.

ANEXO II

Artigo 4.- Acceso de vehículos ao Casco Histórico: Eliminación e Engádega

1.- *Se prohibe a circulación de vehículos a motor, incluídas as bicicletas*
A proposta de uso da bicicleta nas zonas peonís xa figura nos apartados correspondentes

ANEXO III

Artigo 2
Eliminacion

a) mais de 3 m. de Cando a beirarrúa teña espazo libre poderán circular os VMP.

Manter esta medida garante conflitos continuados entre peóns e VMP. De manterse debería ser aplicable tamén a bicicletas como VMP que tamén son